

# CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás once horas e trinta minutos da mañá do vinte e catro de setembro de dous mil doce, réunese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro, Don Cándido Eusebio Prieto Lago, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA TRINA DE AGOSTO DE 2012.** - O Concelleiro D. Benigno Galego Castro manifesta que estima procedente que se recollera no punto de rogos e preguntas os comentarios que se emitiron en relación a obra realizada nos Casás, debendo constar nas súas manifestacións as preguntas que realizaron sobre si se formigou ou non e se tiña ou non permiso do concello. Unha vez feita esta observación os membros do pleno por unanimidade aprobaron a acta anterior.

## **2.-ELECCION DOS MEMBROS DE MESA ELECTORAL PARA AS ELECCIONS AUTONOMICA PARA O PARLAMENTO DE GALICIA**

Unha vez utilizado o sistema informático facilitado pola Deputación de A Coruña foron elixidas as seguintes persoas como titulares e suplentes para os membros das mesas electorais:

### **DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA A**

**Presidente: Alvaro Cal Rodriguez**

**1er. Vocal: Bárbara Piñón Pereira**

**2º. Vocal: David Landrove Rico**

1º. suplt. presidente: Marta María Sánchez Novo

2º. suplt. presidente: Vanessa Pita Santalla

1r. suplt. vocal 1º: Mari Fe Santalla Caneiro

2. suplt. vocal 1º: Ana Belén Pena Duran

1er. suplt. vocal 2º: Julio Vilarelle López

2. suplt. vocal 2º: María Victoria Martínez Galego

### **DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA B**

**Presidente: Mónica García Pita**

**1er. vocal: Ernesto López Lamigueiro**

**2º. Vocal: José Edelmiro Vieira García**


1er. suplt. presidente: Loreto Feros Viñas

2º. suplt. presidente: Jesus Paredes Rivas

1er. suplt. vocal 1º: Manuel López Lamigueiro

2º. suplt. vocal 1º: Bárbara María López García

1er. suplt. vocal 2º: Miguel Hemida López



# CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

2º. suplt. vocal 2º: Armando Fagildo Orjales Orjales

## **DISTRITO PRIMEIRO - SECCIÓN PRIMEIRA - MESA C**

**Presidente: Raquel Figueiras Loureiro**

**1er. Vocal: José Carlos Galego Vázquez**

**2º. Vocal: Angel Manuel Pardo Garrote**

1er. suplt. presidente: Jesús Salvador López Carballal

2º. suplt. presidente: Rocio Rey Paz

1er. suplt. vocal 1º: Raimundo Martínez Villadoniga

2º. suplt. vocal 1º: Estefanía Bustabad Rodríguez

1er. suplt. vocal 2º: Francisco Javier Vellon Piñón

2º. suplt. vocal 2º: Indalecio Fernández López

**3.-PROPOSTA DA ALCALDIA PARA APROBACIÓN DO PLAN : UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (DTC 94).** Desposis da lectura por parte da Secretaria da proposta da alcaldía que se transcribe a continuación: Logo da comunicación por parte da Deputación Provincial de A Coruña das bases que han de rexer o Plan “Unha Deputación para todos os Concellos” e analizadas as necesidades municipais, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: 1º) Participar no “Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Reparación saneamento en Regueirolongo – A Barrosa Os Freis e reparación de pluviais en A Barrosa – Os Freis	64.935,11	0,00	64.135,11
<b>TOTAL</b>	64.935,11	0,00	64.135,11


Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
POS Adicional 2011	Deputación: 17.997,20 Concello: 11.974,80	11.974,80
<b>TOTAL</b>	11.974,80	11.974,80

C) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
----------	----------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------	----------------



# CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Cerdido	45,701,89	30095,95	0,00
---------	-----------	----------	------

## D) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	64.935,11	0,00	0,00	64.935,11
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	11.974,80	0,00	17,997,20	29.972,00
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.701,89	79.904,05	30.095,95	155.701,89
<b>TOTAL</b>	<b>122.611,80</b>	<b>79,904,05</b>	<b>30.095,95</b>	<b>250.609,00</b>

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.


4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Cerdido, 14 de setembro de 2012 A Alcaldesa, . **Advertidos nun erro aritmético no punto b e d procede a súa emenda quedando os citados cadros do seguinte xeito :**

## B) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
POS Adicional 2011	Deputación: 17,997,20 Concello: 11.974,80	11.974,80
<b>TOTAL</b>	<b>29.972,000</b>	<b>11.974,80</b>

## D. Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
--	------------	----------	----------------	------------------



## CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	64.935,11	0,00	0,00	64.935,11
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	11.974,80	0,00	17.997,20	29.972,00
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.701,89	79.904,05	30.095,95	155.701,89
TOTAL	122.611,80	79,904,05	48,093,15	250.609,00

**Os membros do Pleno por maioría dos asistentes prestaron aprobación a proposta anterior** unha vez emendadas as cantidades dos cadros b e d , . Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz , Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro, Don Roberto Oscar López López, e o voto da Sra. Alcaldesa e Tres abstencións dos concelleiros Don Benigno Galego Castro ,Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Álvaro Rodríguez Graña,


**A Alcaldesa** explica que o plan repartíuse entre a realización dunha obra de saneamento en Reguerilongo e na achega municipal para o Pos 2011 adicional e para gastos ordinarios do concello

**O Concelleiro D. Benigno Galego Castro** , pregunta se se trata dunha obra nova ou é unha reparación , como pon no nome do proxecto e pregunta porque quedan dúas casa no Freis sen conexión e solicita que se lle aclare a que van destinados os 45.000 € de gastos ordinarios e que previsión hai destes gastos ata fin de ano

**A Alcaldesa** explica que quedan dúas casas no Freis e outras en Diaz , porque están moi baixas e se queremos darlle o servizo hai que realizar outro punto de conexión , e aclara que os 45.000,00 € son para gastos do concello , como poden ser gastos de alumeadado público, recollida de lixo , xa que a luz esta a subir deseguido .

**O Concelleiro D. Roberto O . López López** anuncia que no texto da proposta hai un erro na suma das cantidades do cadro b) e d) e entende que non procede darlle este nome o Plan , xa que mais parece un slogan político que un plan de obras .

**4.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN Nº 2012/C003/00001 DA OBRA EDIFICACIÓN PARA ALMACÉN NOS CASÁS FINANCIADA POR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, Logo da lectura da proposta da alcaldía do tenor literal seguinte :** Ante a necesidade de levar a cabo as obras de edificación de almacén en Os Casas , segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto Alfredo Varela Nogueira , cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de 77.729.18 € e 16.323.13 do IVE , total 94.052.31 € e considerando como lexislación **aplicable** o disposto na Disposición Adicional segunda e o artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público ( TRLCSP ) ,



## CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)


C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

propón o pleno como órgano de contratación o seguinte acordo : **PRIMEIRO.-** Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra nomeada “ Edificación para almacén en Os Casas ”, cun orzamento de execución por contrata de 94.052.31 IVE incluído.- Aprobar o proxecto técnico modificación da obra : Edificación para almacén en Os Casás .**TERCEIRO.-** Declarar o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía para a adxudicación desta obra .**CUARTO.-** Seranlle aplicables a este contrato os pregos e de prescricións técnicas que figuran no proxecto técnico e os pregos de condicións administrativas tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña para obras incluídas nos planes provinciais por procedemento negociado , publicados no BOP 01/06/2012 . Para valorar as ofertas utilizaranse a puntuación establecida no prego tipo para obras con multiplicidade criterios de adxudicación . Anexo IV . Criterios xerais e específicos .**QUINTO.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 4,622.03 do vixente orzamento municipalista.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade de conformidade ao disposto no artigo 169 do TRLCSP de contratos do sector procede invitar a seguintes empresas no expediente de contratación

- 1.- Construcciones Casaldaya S.L . 15659 A Barqueira , Cerdido
- 2.- Construcciones Guerreiro S.L. A Garita 15565 As Somozas A Coruña
- 3.- Construcciones Valdoviño S.L. Gándara de Arriba 15552 Valdoviño
- 4.- Seifran S.L. Poligono Vilar do Colo 15500 Fene
- 5.- DAYLU S.L. Sedes Villallonte nº 33 15596 Narón
- 6.- Obras Consolba S.L. Casablanca S. Juan 15563 Moeche

**SEPTIMO .-** Nomear como técnico-director da expresada obra ó técnico redactor do proxecto Alfredo Varela Nogueira

**OITAVO .-** Co gallo de axilizar o procedemento, e o abeiro do establecido no artigo 22.2.n e 22.4 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, delegar na alcaldía todas as facultades que establece a lei de contratos do sector publico ó órgano de contratación. Esta delegación requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose ésta outorgada tacitamente senón se formula ante o Pleno expresa manifestación de non aceptación da delegación no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sea notificado este acordo, debéndose publicar esta delegación no Boletín Oficial da Provincia, ó abeiro do establecido no artigo 13.3 da Lei 30/1992 de 26 de novembro regulador do réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común..Delegar Facultar a Sra. Alcaldesa tan amplamente como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo. Cerdido , 19 de setembro de 2012- A Alcaldesa Asdo. Ana Rodríguez Montero . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes prestaron aprobación a proposta anterior coa emenda presentada de incorporar a unha nova empresa para remitirle a invitación : a empresa é Construcciones y transporte Freixeiro s.l. Carretera de Cedeira nº 30 Narón 15570**



## CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

A **Alcaldesa** explica que esta obra deriva dun convenio anterior que quedou deserto polo que por unha banda se modificou o proxecto para baixar custes e por outra banda a deputación ampliou o importe do convenio en 25,000 €. No proxecto da obra quitáronse as vigas de madeira por outras mais baratas e a cuberta será metálica con paneis tipo sándwich .

O **Concelleiro D. Benigno Galego Castro** solicita unha aclaración porque se fala de abaratar o proxecto e logo se incrementa o presuposto e sinala que xa a compra dos terreos lle pareceu cara no seu momento e indica que a convocatoria se lle entregou o xoves e que só tivo o venres para vir ver o proxecto polo que se solicita que se de mais tempo para ver estes temas . Engade que cree que a mellor opción para aforrar cartos é sacar a obra a concurso público e que entende que con este acordo non vai a ter opción a ver as ofertas nin se vai a convocar a mesa de contratación polo que cree que os trámites poden ser legais pero non transparentes .

O **Concelleiro D. Roberto O. López López** afirma que entre as empresas que se lle vai a solicitar unha oferta , soamente hai unha de Cerdido ,e entende que seria bo invitar a outras empresas do concello aínda que sexan autónomos e espera que os informes que teña que facer Estudio Técnico Galego sexan claros e xustificados e solicita que se controle a obra en todo o proceso construtivo

O **Concelleiro D. Cándido Prieto Lago** expón que as veces son as empresas de fora as que teñen contratados a mais xente de Cerdido ,e no caso que se teña que facer un plan de avaliación de riscos as empresas pequenas non teñen esa capacidade e deberan solicitara a unha xestoría .

O **Concelleiro D. Benigno Galego Castro** solicita que se controle a obra e que o Director este alí cando sexa necesario e non so o inicio e o remate desta , solicitando que veña con regularidade para facer o control desta . Así mesmo pensa que hai empresas do concello que están interesadas e que non se lles incluíu na relación .

A **Alcaldesa** afirma que as empresas que aparecen , están interesadas na obra e que o venres , cando xa estaba repartida a convocatoria veu polo concello outra pero se lle deixo que estaba feita a proposta

O **Concelleiro D. Benigno Galego Castro** solicita que se inclúa tamén esta empresa na relación .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Alcaldesa levantou a sesión sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e catro de setembro de 2012 . Do que eu como Secretaria dou fe :

O 1º Teniente Alcalde e Alcalde en funcións

A Secretaria

Asdo. Juan José Ramos Prieto

Asdo. Paula Díaz Tie